




www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-ciencia-politica-administracion



Grao en Ciencia Política e da Administración



www.usc.gal



Ciencia Política e da Administración

O traballo da ciencia política céntrase no estudo do sistema político e as súas institucións, examinando o comportamento dos seus diversos actores. Cobra especial interese a análise e desenvolvemento das accións de goberno, administracións e as organizacións transnacionais. Os/as graduados/as en ciencia política adquiren habilidades que lles permiten un desempeño profesional competitivo en roles diversos tanto no sector público como no sector privado.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n
15782 Santiago de Compostela
zpoldeca@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-ciencia-politica-administracion

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 125

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

As actividades académicas comezan a principios de setembro. Para máis información, consultar a páxina da Facultade.

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias e 36 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A Facultade de Ciencia Política e Sociais é un dos tres centros máis internacionalizados da USC. Ten asinados acordos e convenios de mobilidade con Universidades españolas, europeas e de países non europeos, a través de programas xerais (SICUE, Erasmus +, Erasmus Mundus) e de convenios bilaterais que garanten unha oferta anual de 26 prazas en convenio con 10 universidades españolas e 120 prazas de intercambio con 46 universidades de 13 países.

A realización de prácticas externas ten carácter obrigatorio, e supoñen 28 ECTS. Para

o seu desenvolvemento a Facultade asinou un importante número de convenios con administracións públicas, empresas privadas, ONGs e fundacións, partidos políticos e centros de investigación que garantirán a súa realización. As prácticas están titorizadas por profesorado do centro e por persoal das entidades colaboradoras.

Obxectivos do grao

O obxectivo do Grao é transmitir formación que permita ao alumnado conseguir:

- construír regras e institucións que garantan a representación democrática e o control do exercicio do poder político;
- deseñar, executar e avaliar políticas públicas en diversos niveis administrativos;
- idear e administrar instrumentos de medición e de supervisión da calidade da democracia;
- organizar, supervisar e analizar procesos electorais;
- xestionar as relacións internacionais dos organismos administrativos públicos, pero tamén das organizacións non gubernamentais e empresas privadas;
- traballar a nivel directivo ou de campo con organizacións do terceiro sector en labores de protección dos dereitos humanos, cooperación internacional e protección medioambiental.

Algunhas das saídas profesionais

Xestión pública e asesoría de Goberno

Consultoría en marketing político

Análise electoral

Asesoría e xestión en relacións internacionais

Xestión de organizacións non gubernamentais

Xestión da cooperación exterior

Investigación científica

Función pública

Docencia secundaria

